DÍA DO CLUB

club vía láctea

MIRADOR DE GUNDIÁN - PONTE DE XIMONDE

Domingo 22 de novembro de 2026

O río Ulla é o gran protagonista deste fermoso percorrido, que realizaremos con motivo da celebración do **Día do Noso Club**. Un itinerario que discorre pola súa marxe dereita.

A ruta comeza no miradoiro de Gundián, desde onde poderemos contemplar o impresionante desfiladeiro de San Xoán da Cova e os seus espectaculares viadutos ferroviarios.

Ao longo do camiño avanzaremos por sendas próximas á ribeira, entre bosques de vexetación autóctona, campos de cultivo e viñedos, pasando pola área recreativa de Agronovo.

Un dos atractivos especiais desta época do ano é a pequena fraga de arces, que viste a paisaxe de vermellos, laranxas e dourados, creando un espectáculo de cor.

O percorrido remata na ponte colgante de Ximonde, sobre o río Ulla, nunha contorna de gran valor natural e paisaxístico, que pon o broche final a esta xornada de sendeirismo no noso día grande.

Ao rematar a ruta, celebraremos un ano máis de vida do noso club cun xantar de confraternidade no **restaurante San Martiño**. E para prolongar a festa, a sobremesa estará amenizada con DJ, poñendo ritmo e alegría a esta celebración tan especial.

ASÍ CELEBRAMOS O DÍA DO NOSO CLUB!

Tipo: Circular

Dificultade: Fácil

Distancia: 10,5 km

PUNTO DE ENCONTRO:

COTO DE XIMONDE

club vía láctea

HORA: 09:30h

O autobús trasladaranos desde o Coto de Ximonde ata o miradoiro de Gundián, punto de inicio da ruta.

TRANSPORTE:

Cada un chegará ao punto de encontro polos seus propios medios.

Se precisas transporte para chegar ao punto de encontro da ruta, ponte en contacto connosco e buscaremos a mellor maneira de organizalo.

PREZO da RUTA:

SOCI@S FEDERAD@S: 0,00 €

SOCI@S NON FEDERAD@S: 5,00 €

XANTAR:

Restaurante San Martiño na travesía de Casalonga - Calo - Teo

(O prezo do menú abonase no restaurante)